

ORTIGUEIRA

BOLETÍN MUNICIPAL

DECEMBRO 2018

www.concellodeortigueira.com

A corporación municipal responde ás necesidades da veciñanza actualizando e creando servizos

O Concello remata obras de mellora en distintas áreas por máis de 680.000 euros

A corporación municipal de Ortigueira vén de realizar un investimento de 683.610,70 euros en obras que se desenvolveron en todo o municipio. Entre elas atópase a mellora das instalacións da piscina que, tras un mes en obras, reabriu o seu vaso xa coa nova deshumectadora, rede de condutos e equipamento complementario con tres novos depósitos de auga, cun custo de 132.918 euros. Ademais realizáronse investimentos nas obras de recollida de augas pluviais na pista do Barral; melloras no pavillón polideportivo municipal; obras de adecuación e rexeneración de pistas en diversos puntos do concello. Do mesmo xeito, actuouse na homologación do Centro de Formación municipal e no acondicionamento da parcela para plásticos agrícolas.

PÁXINA 02



Imaxe da piscina municipal de Ortigueira, que reabriu tras a instalación de novos condutos e equipamento

As iniciativas impulsan os produtos da zona

A Feira do Mel acada o seu 30 aniversario e a da Mazá o cuarto

Centos de persoas acudiron a fin de semana do 10 e 11 de novembro aos actos organizados en torno ao 30 aniversario da Feira do Mel e a IV edición da Feira da Mazá. Ambos os eventos serviron, un ano máis, para reunir a expertos nos dous produtos e achegalos a todos os veciños e visitantes.

PÁXINAS 04 - 05

Os integrantes chegaron de Galicia e Asturias

A I Concentración de Camións logra unha alta participación

A vila de Ortigueira vén de celebrar a I edición da Concentración de Camións, cun gran éxito de participación. En novembro achegáronse 85 vehículos pesados que realizaron un percorrido polas rúas e remataron aparcando todos na Alameda, onde os veciños puideron ver de preto os grandes das estradas.

PÁXINA 02

O goberno local segue traballando para darlles resposta a todas as necesidades do municipio

Dedícanse preto de 700.000 euros a obras de saneamento, pavimentación e equipamentos

As intervencións veñen a dar resposta ás necesidades do Concello en distintas áreas como nas instalacións e pistas de todo o municipio, así como a homologación do Centro de Formación municipal

O Concello de Ortigueira vén de executar obras de mellora cun investimento de máis de 683.610,70 euros en todo o municipio.



Obra de acondicionamento do depósito de plásticos agrícolas



As renovadas instalacións da piscina dan resposta ás necesidades dos veciños



As obras no centro de Formación municipal permitiron a súa homologación

1 · Homologación do Centro de Formación municipal

LICITACIÓN: 51.509,26€

2 · Mellora dos camiños de Portas e A Rega

LICITACIÓN: 69.130,36€

3 · Acondicionamento de parcela para o depósito de plásticos agrícolas

LICITACIÓN: 40.349,28€

4 · Melloras no pavillón polideportivo municipal

LICITACIÓN: 44.499,88€

5 · Mellora do camiño de Penavide

LICITACIÓN: 89.947€

6 · Equipamento de climatización da piscina municipal

LICITACIÓN: 152.360,69€

7 · Rexeneración de pistas en Céltigos, Mera de Riba, Senra e Freires

LICITACIÓN: 21.147,53€

8 · Recollida de augas pluviais na pista do Barral

LICITACIÓN: 18.606,75€

9 · Rexeneración de pistas

LICITACIÓN: 62.935,75€

10 · Mellora na pavimentación de pistas en Loiba, Céltigos, Espasante, Cuiña, O Ermo, As Neves, San Claudio de San Adrián

LICITACIÓN: 84.954,10€

11 · Rexeneración de pistas en Senra, Luia, Couzadoiro, Devesos, O Ermo, Insua e San Adrián

LICITACIÓN: 48.170,10€

No pleno celebrado en outubro aprobouse tramitar a solicitude á Demarcación de Costas

O eucaliptal de Morouzos poderá contar cunha maior protección medioambiental

A proposta do goberno local ten como obxectivo devolverlle á veciñanza o espazo

O pleno do Concello de Ortigueira aprobou, no mes de outubro, que se solicite a cesión do eucaliptal de Morouzos á Demarcación de Costas.

Neste senso presentárase un plan de xestión que permitirá mantelo acondicionado ao tempo que evitará que poida sufrir incendios ou pragas. Asemade este documento inclúe a recuperación do espazo para uso da veciñanza e para que sexa o lugar de acampada durante a celebración do Festival de Ortigueira. Todo isto contribuirá á preservación do ecosistema dunar da propia praia.

Neste pleno deuse o visto e praxe a un suplemento de crédito para redistribuír a partida que aparecía nos orzamentos para a amortizar os préstamos bancarios.



Imaxe do eucaliptal que pasará a estar dotado dunha maior protección

Aprobado en Pleno

Plan de Igualdade de Oportunidades ata 2022

O IV Plan de Igualdade de Oportunidades 2018- 2022 foi aprobado en pleno. Unha ferramenta deseñada en colaboración dos axentes sociais e técnicas do Centro de Información A Muller que guiará as políticas de igualdade e que

contribuirá a loitar contra a violencia machista. Con seis áreas estratéxicas e once liñas de actuación destaca o punto destinado a implantar medidas especiais na contorna do rural. Así danse máis pasos a prol dunha sociedade en

igualdade de oportunidades, independentemente do sexo e condición. Segundo destacou o alcalde “este acordo reflicte o compromiso de toda a corporación por unha sociedade máis xusta e solidaria”.

Co gallo da celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero

O Concello de Ortigueira únese en novembro á campaña “En negro contra as violencias”

Ortigueira uniuse á campaña “En negro contra as violencias”, que se desenvolveu durante o mes de novembro con motivo da celebración, o día 25, do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Do mesmo xeito o día 23 realizouse a lectura dun manifesto en contra da violencia desde as portas do Concello. Una reivindicación que tivo unha ampla participación nos ámbitos educativo, asociativo, cultural, deportivo e económico con distintas accións, entre as



Nas portas do Concello tivo lugar a lectura do manifesto e o minuto de silencio

que estivo cubrir de negro os seus espazos, páxinas web e redes sociais. Estas

accións teñen como finalidade espallar a mensaxe contra a violencia.

SEGURIDADE

Defensa persoal para mulleres

O Concello realizou no IES de Ortigueira un curso de defensa persoal e auto-capacidades, dentro do programa de prevención de situacións de violencia de xénero. A formación correu a cargo de especialistas en defensa persoal e integrantes da Federación Galega de Loita. As persoas participantes recibiron un adestramento físico e psicolóxico para crear protocolos de actuación antes estas situacións. Esta actividade é unha das que desenvolve o Concello na loita contra a violencia de xénero.



Maciñeiras das que se obtén o fruto



Momento da Feira na que os asistentes degustaron os diferentes produtos



A carpa instalada no paseo da Alameda, en Ortigueira, acolleu aos numerosos asistentes nesta celebración das festas do mel e da mazá

Centos de persoas participaron nas distintas actividades

Ortigueira celebra Festa do Mel e a Mazá

O Concello de Ortigueira vén de celebrar o 30 aniversario da Festa do Mel, e a IV edición da Mazá.

Durante a fin de semana do 10 e 11 de novembro centos de veciños e visitantes gozaron con estas festas que incluíron á realización de diversas actividades destinadas á promoción de ambos os dous produtos, dous dos máis importantes da zona.

Na primeira xornada realizouse una ruta para dar a

coñecer as maciñeiras das que se obtén o froito do que se saca a sidra.

Por outra banda desenvóléronse diversas actividades en torno ao mel, como a conferencia que deu o presidente da Asociación Galega de Apicultura, Xosé Torres Romas, que falou da perspectiva de futuro da apicultura galega e o traballo que se está levando a cabo para a supervivencia das abellas. Asemade presentouse unha exposición



Participantes da andaina polas
maciñeiras do Concello

es organizadas en torno a ambos os dous produtos

a a 30 edición da cuarta da Mazá

retrospectiva coa evolución da feira na que se homenaxeou aos fundadores desta.

Ao longo do sábado e o domingo realizouse a feira destinada á venda de mel e de maquinaria agrícola.

A Feira do Mel ten como obxectivo achegar a todos este produto, e por este motivo nos centros educativos celebrouse previamente un concurso para a elaboración do cartel. Os debuxos seleccionados para a promoción pertencían a estu-

dantes do CEIP Jose María Lage e o CEIP da Barqueira. Durante o desenvolvemento da feira o alumnado premiado en ambos os centros viron recoñecido o seu traballo.

Ademais, nesta edición celebrouse un *showcooking*, no que os integrantes de "Ortigueira entre fogóns" elaboraron doces. Entre outras variantes dos produtos elaborados a partir do mel déronse a coñecer unha cervexa artesá e o hidromel.

Entrega de premios
aos creadores do cartel
desta edición da Feira



Encontro

A I Concentración de Camións reúne 85 vehículos que enchen de actividade a vila

A I Concentración de Camións, celebrada na vila de Ortigueira, reuniu a primeiros de novembro a 85 vehículos pesados chegados desde distintos puntos de Galicia e do Principado de Asturias.

Todos eles percorreron as rúas e tiveron como punto de encontro a praza da Alameda do concello, onde se situaron as carpas que lles deron servizo a todos os participantes no evento.



O alcalde, Juan Penabad, xunto a todos os participantes



O encontro de camións encheu de actividade e colorido a vila durante a primeira fin de semana de novembro

Deportes

O Concello oferta actividades deportivas para todas as idades

Ata o mes de maio desenvólvense unha ampla variedade de accións nas instalacións do concello e municipio

Desde novembro as instalacións deportivas xa están a desenvolver as actividades que se levan a cabo ata o mes de maio. As persoas interesadas deberán entregar as inscricións na piscina municipal. Os veciños do concello teñen a oportunidade de quedar inscritos en ximnasia rítmica, xadrez, baloncesto, patinaxe, iniciación ao pádel e natación. Ademais ofertase tai-chi no polideportivo e nas diferentes parroquias do concello existe a posibilidade de asistir a clases de ximnasia; ambas as actividades non teñen compromiso de pago de taxa previa. Tamén se levaron a cabo cursos como o de vela ou o de drons.



Imaxe do curso de vela desenvolvido no 2018 polo Concello de Ortigueira



Curso de drons

A Flor de Honra foi entregada ao alcalde nun acto celebrado en Chantada Ortigueira premiado no proxecto “Vilas en Flor”



Intervención do alcalde no certame Vilas en Flor

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, recolleu a Flor de Honra concedida no certame Vilas en Flor, celebrado en

novembro en Chantada. O rexedor municipal destacou que este premio é un estímulo para seguir traballando a prol do coi-

nado do municipio e a súa contorna. “Así poderemos falar de calidade de vida específica e propia do rural”, dixo o alcalde durante a súa intervención. Do mesmo xeito recalcou a importancia que teñen este tipo de iniciativas nos pequenos concellos.

Este galardón foi un dos que se entregou na celebración do primeiro concurso, nesta área que se desenvolve en Galicia, destinado a municipios pequenos, e promovido pola Escola Galega de Paisaxe. Nesta edición tamén resultaron premiados os concellos de Chantada, Allariz, Caldas de Reis e Betanzos.

NADAL

O alcalde felicitará as festas en todas as parroquias

Durante o mes de decembro, levarase a cabo a iniciativa *Nadal co Alcalde* pola que Juan Penabad Muras fará unha ronda de visitas por todas as parroquias do Concello para felicitar persoalmente as festas. As datas poderán ser consultadas a través das redes sociais e, do mesmo xeito, estas serán publicadas na páxina web municipal que está dispoñible para todos os orteganos na ligazón <http://concello-deortigueira.gal>.

EDUCACIÓN

O IES celebra o 40 aniversario con distintos actos

O IES de Ortigueira chega no curso 2018-2019 ao seu 40 aniversario. No acto oficial organizado con motivo desta celebración participou o alcalde do Concello, Juan Penabad Muras, que destacou que se está a manter o seu espírito de formación: “sabían do valor da educación como ben universal necesario para o desenvolvemento persoal e a convivencia en sociedade”.

PRESENTACIÓN

Con voz de muller, un proxecto para a memoria colectiva

O alcalde de Ortigueira presentou, nun acto desenvolvido no Teatro da Beneficencia, a primeira fase do proxecto “Con voz de muller”, que ten como obxectivo converterse no altafalante da experiencia das mulleres da zona. As primeiras que participaron neste exercicio de recuperación da memoria pertencen a Loiba e San Clodio.

Dez parellas celebran as Vodas de Ouro



Dez parellas do municipio de Ortigueira celebraron as súas vodas de ouro. A vixésima novena edición desta celebración contou coa presenza do alcalde do Concello, Juan Penabad Muras, que felicitou os vinte veciños, aos que lles dixo que “estades no momento de mirar ese percorrido coa perspectiva do tempo, coa

serenidade e a certeza de coñecer de verdade a persoa que elixistes para que vos acompañe toda a vida, con afecto, respecto, xenerosidade, comprensión e apoio”, e engadiu “agora sabedes que sodes afortunados por atopar a persoa capaz de compartir os momentos de ledicia e de tristura, os éxitos e fracasos”.



Axenda Telefónica

SERVIZOS DE EMERXENCIA

Ambulancia 061

Emerxencias 112

Emerxencias Garda Civil 062

CONCELLO

Centraliña 981 400 000

Policia Local

696 446 863

696 446 864

GES 649 446 870

Servizos Sociais 981 402 542

Oficina Turismo 981 974 103

Biblioteca 981 400 101

Aula CEMIT 981 402 533

Piscina 981 422 026

Escola Música 981 402 432

ENSINO

IES Ortigueira 881 930 407

Colexio José María Lage

881 930 417

Escola Infantil Galiña azul

981 422 517

CENTROS DE SAÚDE

Ortigueira

981 401 052

981 401 076

Espasante 981 426 600

Mera 981 628 544

FARMACIAS

Farmacia Leal 981 401 026

Farmacia María Martínez Ares

981 408 384

Farmacia Mercedes Fraga

981 401 101

Farmacia Saborido 981 428 081

Farmacia Sandomingo

981 400 004

Farmacia Torres 981 400 040

TAXISTAS

Parada de Taxis 981 400 869

Sta. Marta de Ortigueira

Antonio Pena 680 512 037

Carlos Piñón 655 681 198

Javier Iglesias 639 657 227

Javier Otero 651 850 819

José López 699 154 107

Mª Jesús Soto 626 642 516

Pedro Cheda 608 585 825

Rosario Martínez 608 580 449

Vicente Blanco 638 102 938

Parada Mera de Abaixo

Adolfo Casas 610 871 387

Parada Mera de Arriba

David López 606 543 176

OUTROS CONTACTOS DE INTERESE

Garda Civil 981 400 021

Extensión Agraria 981 400 106

Residencia Dolores Díaz Dávila
981 400 109

Confraría Pescadores 981 408 144

ASPROMOR 981 422 288

Tanatorio 981 422 425

Seguridade Social 981 400 181

FEVE 981 422 201